


## Anuncio

<b>PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O POSTO DE SECRETARIO/A XERAL</b>	 <b>MEXILLÓN DE GALICIA</b> Consello Regulador

### ANUNCIO DE CONVOCATORIA

**Obxecto da convocatoria:**

Selección de persoal para cubrir o posto de traballo de Secretario/a Xeral do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

As funcións a desempeñar polo cargo de Secretario/a Xeral abranguerán:

- A) As establecidas no artigo 68 do Regulamento do Consello Regulador Mexillón de Galicia (Orde da Consellería do Mar do 20 de marzo de 2019),
- B) A participación na planificación e no establecemento de obxectivos estratéxicos da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia xunto co órgano de goberno, de quen dependerá directamente,
- C) A organización interna e a dirección dos servizos do Consello Regulador,
- D) A execución dos acordos do Pleno e xestión externa, nomeadamente a comercial da DOP,
- E) O control das actividades en pos da consecución dos obxectivos establecidos

**Fin do prazo para presentación de solicitudes**

A presentación das solicitudes e documentos deberase realizar dentro do prazo de 20 días naturais a partires da publicación das Bases de convocatoria e deste anuncio (data de publicación 14 de febreiro de 2020).

**Bases da convocatoria, formulario de solicitude e demais información:**

Taboleiro de anuncios do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, Edif. do Mexillón, Av da Mariña, 25, 36600 Vilagarcía de Arousa, de luns a venres en horario de 8 a 15 horas, e na páxina web [www.mexillondeg Galicia.org](http://www.mexillondeg Galicia.org) (nos apartados "Inicio/últimas novas" e "Comunicacións/Arquivo de novas").

Vilagarcía de Arousa a 14 de febreiro de 2020

Francisco A. Alcalde García  
Presidente

CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA  
EDIFICIO DO MEXILLÓN –Avenida da Mariña, 25 · 36600, Vilagarcía de Arousa  
Tel. 986 50 74 16 - [info@mexillondeg Galicia.org](mailto:info@mexillondeg Galicia.org)